

**CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E O CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA (CRAEGA) CO FIN DE ACOLLER BOLSEIRO/AS PARA A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL**

En Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2021

**REUNIDOS**

**Dunha parte**, o Sr. D. Fernando Guldrís Iglesias, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe), con CIF Q 6550010J e domicilio en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela. (A Coruña). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente del Igappe, feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

**E doutra parte**, o Sr. D. Francisco Lopez Valladares en representación do Consello Regulador de Alimentación Ecolóxica de Galicia (CRAEGA), con CIF V27218643 e domicilio en Avda. M<sup>a</sup> Emilia Casa Baamonde, s/n, Monforte de Lemos (Lugo).

As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente,

**EXPOÑEN**

1.- Que mediante Resolución da Dirección Xeral do Igappe do 19 de febreiro de 2020 publicáronse as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.

2.- Que estas bases regulan a concesión dun máximo de 50 bolsas de formación práctica -no ámbito da internacionalización empresarial- para realizar labores de investigación de mercados, estudo de empresas e a súa planificación para internacionalización e, para investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

3. - Que os posibles destinos dos bolseiro/as indicados nas bases son: oficinas de Igappe e Xunta, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio españolas no estranxeiro, organismos multilaterais, organismos intermedios galegos, centros de investigación, empresas e/ou outros organismos en Galicia ou no estranxeiro.

4.- Que ambas organizacións coinciden no interese de colaborar en accións que faciliten o acceso das empresas a novos mercados, a formación de persoal especializado en internacionalización, e acceso das empresas galegas a profesionais con este perfil.

5.- Que, convido aos lexítimos intereses dos comparecentes, acordan regular a dita colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.-

É obxecto do presente convenio regular as relacións de colaboración entre o Igape e CRAEGA para a acollida dun bolseiro/a da convocatoria do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.

### SEGUNDA.-

A duración inicial da bolsa no organismo de acollida é de 12 meses e a data de comezo estímase durante o mes de xaneiro de 2022.

A dotación da bolsa será pagada integramente polo Igape ao bolseiro/a, e inclúe todos os impostos de carácter persoal así como a Seguridade Social. O Igape non aboará ningunha cantidade á entidade colaboradora. No caso de que das tarefas encomendadas polo organismo se incurra noutros gastos non cubertos polas bases reguladoras do programa, estes gastos serán por conta do organismo.

O Igape asignará o bolseiro/a a CRAEGA tendo en conta os mercados de interese de CRAEGA, a puntuación final obtida polo bolseiro/a na resolución definitiva e o seu lugar de residencia.

O Igape poderá substituír ao bolseiro/a no caso de renuncia do bolseiro/a anterior ou por cambio de destino por causa xustificada.

### TERCEIRA.-

A colaboración de **CRAEGA** consistirá en:

- A execución, dentro do horario laboral, do plan de formación plantexado por CRAEGA, que se une como anexo ao presente convenio.
- A realización, a través do(s) titor(es) proposto(s) e que se indica no anexo ao presente convenio, do seguimento da actividade desenvolta polo bolseiro/a dentro do programa de formación establecida, e a provisión do asesoramento necesario para o seu correcto desenvolvemento e integración.
- A realización e envío ao Igape de informes acumulados trimestrais de execución e resultados do programa de formación, así como o informe final.
- Permitir a execución por parte do bolseiro/a de tarefas complementarias que o Igape lle poida asignar así como a participación en reunións, seminarios..., aos que o bolseiro/a sexa convocado polo Igape, sendo neses casos por conta do Igape os gastos de desprazamento, que se aboarán directamente ao bolseiro/a como parte da dotación da bolsa.
- A posta a disposición das instalacións e os medios apropiados para o desenvolvemento da bolsa.
- A inclusión do bolseiro/a no plan de prevención de riscos de CRAEGA, asegurándose de que é coñecedor do dito(s) plan(s).
- O bolseiro/a deberá cumprir co réxime de ordenamento interno de CRAEGA .

- Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

#### **CUARTA.-**

As actividades do beneficiario serán en todo caso formativas, sen que en ningún suposto poida ostentar a condición de responsable, nin tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade. O bolseiro/a deberá estar en todo momento supervisado e controlado polo titor que se lle designe, que será quen adopte calquera decisión que se considere necesaria e vele porque o beneficiario aproveite con éxito o proceso de formación.

Os dereitos e obrigas establecidas en virtude do presente convenio de colaboración non presupoñen relación laboral nin de servizos entre CRAEGA e o bolseiro/a.

#### **QUINTA.-**

A entrada en vigor do convenio será desde a data efectiva de incorporación do bolseiro/a a CRAEGA. A súa duración máxima será de 12 meses.

#### **SEXTA.-**

As controversias que puidesen xurdir da interpretación do presente convenio resolveranse por unha Comisión Mixta constituída por un representante designado por cada unha das partes e presidida polo director xeral do Igape, a cal se reunirá a convocatoria de calquera dos seus membros, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e correspondendo contra os mesmos recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Santiago de Compostela.

#### **SÉTIMA.-**

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

A entidade colaboradora someterase aos mecanismos de inspección e de control que o Igape considere convintes, vinculadas ás actividades formativas dos beneficiarios en relación coa bolsa concedida

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

#### **OITAVA.-**

CRAEGA consinte expresamente a inclusión dos datos persoais e relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela.

#### **NOVENA.-**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas e no disposto por elas, polas normas de Dereito Público español, isto é, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normas subsidiarias.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade asínase por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Polo IGAPE:

Por CRAEGA:

Asdo.: Fernando Guldrís Iglesias

Asdo.: Francisco López Valladares

<b>ANEXO PLAN DE FORMACIÓN</b>	
NOME TITOR BOLSEIRO:	.....
MERCADOS DE INTERESE:	Alemaña, Reino Unido, Usa, Xapón, Francia, Países Baixos, Suiza e Bélxica
ACCIONS INTERNACIONALIZACIÓN PREVISTAS 2022:	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participación en diversas feiras, misións directas e outros eventos de promoción.</li> <li>- Actualización e creación de materias de difusión en promoción.</li> <li>- Organización de axendas e contactos para empresas que o soliciten en eventos internacionais.</li> <li>- Apoio a empresas que emprendan programas de internacionalización.</li> <li>- Potenciar a comunicación cas empresas e adaptarse ás súas necesidades e requerimentos.</li> </ul>
PLAN DE TRABAJO E TAREFAS DO BOLSEIRO/A:	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actualización web (parte en inglés).</li> <li>- Elaboración de informes sobre o mercado exterior.</li> <li>- Coordinación e programación da axenda dos inscritos en eventos promocionais de alcance nacional e internacional.</li> <li>- Plan de internacionalización.</li> <li>- Participación en misións directas e indirectas.</li> <li>- Análise e execución das propostas ou necesidades dos inscritos en materia de internacionalización.</li> <li>- Comunicación con outras entidades de certificación ecolóxica para adaptación de estándares de certificación de produtos ecolóxicos.</li> <li>- Actualización de materias de promoción en diversos idiomas.</li> </ul>